


Estampas gondomareñas.

Garbeo sentimental pola historia da moi leal e nobre vila.

Antonio de Bade

E la nave va.

Antes de que vdes. lean este relato, que escribo encantado e atendendo ao amable requirimento dos amigos do IEM, quero advertir-lles da súa ousadía. Se aínda así teimasen no asunto, recoméndolles un sinxelo exercicio que sen dúbida lles vai permitir rebuscar na memoria (inducida) sen muito esforzo e con agridoces resultados. En primeiro lugar pónñanse cómodos e boten a andar ese trebello




Antiga estación do tranvía en Gondomar.

reproductor de música, que agora chaman "compact-disc", e deixen saír do mesmo unha melodía, tipo evocador-envolvente, coma por exemplo a do filme *Amarcord*. E xa está, ante nós irán desfilar multitude de galerías coas súas imaxes, case todas en branco e negro e pertencentes a outras tantas realidades; unhas crúas, outras irónicas, inxenuas, ou mesmo alegres, mais todas elas propias dun tempo de post-guerra no que o importante era sobrevivir.

A imaxe inevitábel que sen dúbida rescatará a nosa memoria será a dun gran buque, un buque branco e articulado con dúas raias vermellas por embaixo das ventás chegando a Gondomar. Ouiremos tamén o repenicar da campaña da estación, e até pode que ulamos o café de calcetín da Sra. Lola. Veremos manobrar a nave, lenta e cerimoniosa, no medio dun mar de raíles e franqueada por un peirao de hortensias azuis e alongados cipreses. Todo un espectáculo que os ollos dun neno de oito anos non poden facer outra cousa que mitificar.

O paso do tempo, que ás veces confundimos coa nostalxia, fainos ver o absurdo dunha sociedade que se xustifica a si mesma como avanzada, renunciando ao seu pasado e destruindo aquelas cousas que nos mantiñan a salvo do uniformismo e da vulgaridade. O guión, que nunca se sabe quen o escribe, pero que sempre dirixen os mesmos con implacable execución, estaba escrito: en decembro de 1968 Gondomar perdería para sempre o seu derradeiro tranvía.

Daquel agarimoso lugar, testemuño de encontros e odiseas anónimas, xa nada queda, nin sequer o vello "Bar Alvarito" puido resistir a chamada do progreso. Derrubárono hai uns meses, seguramente para construír un deses edificios desafiantes coa normativa de habitabilidade. Os demais elementos da Estación tamén foron borrados do lugar, e alí onde só había espazo aberto e memoria latente fican agora dúas entidades financeiras que a principios dos setenta chegaron, viron e



Tranvía no Val Miñor

construíron con escasa sensibilidade e peor gusto.

Domingo de Misa e Tentación

Os domingos pola mañá, no Gondomar dos anos 50, 60, ou 70, que tanto ten, había dúas cousas que os rapaces de entón non podiamos deixar de facer, unha por obriga e a outra por devoción. A primeira era evidente e a ninguén lle pasaba pola cabeza aforrar as catequeses ou non ir á misa, por non falar de cando tocaba cumprir o preceuto. E a outra era, despois de soportar estoicamente a primeira, un premio que nós mesmos nos outorgabamos cada un de acordo cos seus posibles. O certo era que os poucos ou escasos reás aforrados na semana, ou en dúas, eran

dilapidados xenerosamente cada domingo no quiosco.

O quiosco de Elvira estaba situado entre o Bar Alvarito e a tenda de D. Simeón, e non tería máis de 4 m² de superficie. Parecíase moito a un altar de Pedro Almodóvar, sempre presidido no alto por unha radio antiga e un almanaque de Gaseosas Sestelo co Corazón de Xesús retratado, e xa despois, descendendo nunha estraña orde xerárquica, Corín Tellado, pipas, chicles, os tebeos, e as súas afamadas "peras limoneras" que sempre nolas ofrecía cun estraño rintiñín.

Algo tiña aquel quiosco que nos atraía sen remisión, algo máis forte e sutil que as lamberetadas ou que o Capitán Trueno e Roberto Alcázar e Pedrín. Certamente, non tardariamos moito tempo en descubrirlo, malia ser rapaces de pobo. En realidade descubriuse só, eran as fantasías increíbles que nos vendía Elvira, e que nós recreabamos pola noite sen temor á confesión ou a quedar cegos.

Era Elvira un deses personaxes entrañables e imprescindibles na historia cotiá das pequenas vilas, un espírito libre que trataba de cuñado ao cura da parroquia por ser a súa irmá criada del. Só o seu rostro e as súas maneiras deixaban entrever unha vida de pasado complicado e difícil, malia que ela se esforzase en disimulalo con abondosa bixutería e carmín nos beizos, e un estraño peiteado que máis tarde descubríñ que era idéntico ao de Madame Claude.

Pola tarde os protagonistas do domingo eran outros. As rúas baleirábanse e enchíanse os cinemas. Os dous que había na Vila, con presuntuosos e sonoros nomes, o Imperial e o Rialto, que domingo tras domingo, sempre, agasallaban ao respectable cunha



Aspecto na actualidade da zona onde se ubicaba a antiga estación

de romanos ou unha de "vaqueros", até que a súa carteleira foi secuestrada por Manolo Escobar, Raphael, ou Gracita Morales e as súas españoladas. Menos mal que sempre nos quedaría París, ou mellor aínda, a fila dos mancos. Pero esa será outra historia.

i

